

Letras Galegas 2011



**LOIS
PEREIRO**



**LOIS
PEREIRO**

Letras Galegas 2011

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD)

Coordinador:

Roberto Pascual Rodríguez

Autoría:

Iván Rodríguez Castro

Virginia Barros Angueira

Roi Vidal Ponte

Julio Fernández Peláez

Santiago Prego Cabeza

David Mortol Moreno

Francisco Oti Ríos

Carlos Alberto Vidal Puga

M.^a Esther González Firvida

Dep. Legal: C 966-2011

INTRODUCCIÓN

A figura do autor que a Real Academia Galega escolleu para celebrar as Letras Galegas deste ano 2011 resultounos verdadeiramente atraente para confeccionar unha serie de actividades interdisciplinares que queren incidir especialmente no xogo dramático e no fomento das capacidades e da sensibilidade artística do estudantado.

Quixemos falar da rúa e da poesía, da arte plástica e da literaria no seu conxunto, nunca como mundos estancos e illados. Quixemos falar do cotián e do extraordinario, do social, do público, do compromiso e dunha época a través duns signos icónicos que enlazan de maneira coherente un cartel con outro. Lois Pereiro é un dos poucos autores cuxa obra podemos atopar nunha pintada na rúa e xa é famoso o seu rostro reproducido con spray en paredes de cidades e vilas. Esa estética, xunto á repetición en diferentes situacións dos seus debuxos de tiras cómicas, marcou desde o comezo o traballo do alumnado e do profesorado das diferentes áreas didácticas da ESAD: Escenografía, Teoría e Historia do teatro, Dramaturxia, Dirección de escena etc.

Todo o corpus textual de e sobre Lois Pereiro, que decidimos manter na súa versión de lingua orixinal, foi seleccionado despois de nos mergullar en bibliotecas, arquivos privados, recortes de prensa e novidades editoriais (algunhas delas inéditas) que foron saíndo progresivamente do prelo co gallo desta celebración. Quixemos contribuír tamén, con reflexións propias e referencias a outras artes, á visibilidade e á atención que se lle está a conceder á obra dun autor contemporáneo, arraigada de veras no noso e á vez universal, capaz de atraer uns lectores e lectoras novos, diversos e activos.

LOIS PEREIRO E AS ARTES DA PALABRA

RÚA DA POESÍA, POESÍA DA RÚA

Proposta interdisciplinar para a guía da exposición de carteis

CARTEL 1: BIOGRAFÍA 1

1. O lugar de nacemento de Pereiro é unha importante vila da provincia de Lugo. Coa axuda dun atlas e de internet, localízaa no mapa e busca outros autores da literatura galega nados na mesma comarca.

Ademais de escritores, Monforte tamén tivo a súa particular movida roqueira a comezos dos oitenta, capitaneada por grupos como Yelow Pixoliñas. Hoxe o panorama da música en galego variou moito e mesmo se pode atopar algún grupo, como Fanny & Alexander, que compón todas as súas cancións baseándose en poemas de escritores galegos. Vós tamén podedes animarvos a rapear con Celso Emilio Ferreiro, como fai o Mc García, ou intentar poñerlle unha melodía xeitosa a algún poema que vos guste de Lois Pereiro.

2. Como vedes, Pereiro tivo que se trasladar a Madrid para estudar o que quería. Este é un fenómeno de emigración interna que felizmente cada vez vai sendo menos común. Con todo, seguro que tes algún familiar ou coñecido que non se está a formar onde el naceu.

Un bo exercicio para saber cales son as diferenzas entre unha vila das que tanto abundan en Galicia e a cidade é que lle fagas unha entrevista a este familiar ou amigo e que lle preguntes sobre a súa impresión.

Formade equipos de tres ou catro alumnos/as e elaborade un cuestionario no que consultedes que diferenzas atopa el entre a cidade na que estuda e a súa localidade natal. Despois, poñede en común as preguntas formuladas por cada grupo e teredes un bo cuestionario. Agora só vos queda





contactar coa persoa e concertar unha cita para lle realizar a entrevista. Podedes levar un Mp4 para gravala, porque se non despois non vai ser doado que vos acordedes das respostas.

3. En Madrid, Pereiro entrou en contacto con artistas como Raimundo Patiño, outro monfortino que tamén morreu novo. Patiño é autor da BD *O home que falaba vegliota*, no que fai unha denuncia da situación da lingua galega naquel momento. Aquí tedes un fragmento a toda cor.

Propoñémosvos que vos animedes a crear un cómic baseádvos no poema de Pereiro que escollestes para a canción, ou noutro calquera que vos guste, nun máximo de catro viñetas.

Notade que a estética de Patiño é semellante á dos primeiros poemas de Pereiro, pois en ambos abunda a superposición de opostos. No caso do poeta son palabras ou conceptos e no do pintor son cores e formas, mais os dous compoñen obras de arte dunha enorme expresividade. Así que reparade no poema que escollestes e tratade de ser fieis non só ao significado literal das palabras, senón ao sentido xeral de todo o poema.

4. Por último, para despedir a estadía do noso poeta en Madrid, realizaredes unha pequena investigación sobre a intoxicación do aceite de colza. En que ano comezou? Onde se deron os primeiros casos de infectados? Que repercusión tivo a noticia na prensa da época? Evidentemente, unha ferramenta esencial para realizar esta investigación vai ser internet e as hemerotecas, onde ben seguro que atoparedes de xeito rápido a maior parte dos datos. Se vos falta algo, preguntádelles aos vosos pais, a ver se eles o lembran. Cando teñades toda a información, teredes que crear, por grupos, unha noticia para un xornal, como se todo aquilo que estiveses a pescudar estivese sucedendo na actualidade.

CARTEL 2: BIOGRAFÍA II

1. Unha boa maneira de vos familiarizar cos conflitos do sector naval en Galicia é que vexades a película *Os luns ao sol*, de Fernando León de Aranoa, na que os empregados dun estaleiro vigués quedan sen traballo a causa da reconversión naval. Despois de ver o filme, facede un debate sobre a repercusión que teñen as decisións das grandes empresas de reducir persoal.

Despois do debate, facede unha *tormenta de ideas* sobre as solucións que se vos ocorran para tentar resolver o actual problema do paro no noso país. Calquera cousa vale. Non tedes que actuar como políticos, simplemente debedes botarlle imaxinación.

Ao final, seleccionade as ideas que vos pareceron máis atractivas e escribide unha carta na que lle explicades ao presidente do Goberno as vosas imaxinativas suxestións para solucionar o problema da crise económica.

2. Un dos traballos de Pereiro foi o de tradutor. Os seus coñecementos de idiomas permitíanlle traducir os diálogos de películas francesas, inglesas ou alemás, para que despois fosen dobradas ao galego.

O exercicio que vos propoñemos a continuación é que fagades unha tradución do seguinte texto. Pero, prestade atención, non se trata de diálogos, senón dun poema de José Ángel Valente, poeta galego que escribiu en castelán; así que tede coidado porque deberedes respectar as figuras retóricas que vexades e intentar manter o ritmo.



Cuando te veo así, mi cuerpo, tan caído...

Cuando te veo así, mi cuerpo, tan caído
por todos los rincones más oscuros
del alma, en ti me miro,
igual que en un espejo de infinitas imágenes,
sin acertar cuál de entre ellas
somos más tú y yo que las restantes.
Morir.

Tal vez morir no sea más que esto,
volver suavemente, cuerpo,
el perfil de tu rostro en los espejos
hacia el lado más puro de la sombra.

3. Podedes facer unha dramatización deste poema utilizando a vosa tradución. Un de vós ten que actuar como se o estivese recitando con moita emoción, mentres que outro, en voz alta, vai dicindo o poema en galego. Así, mentres un actúa sen falar, o outro ponlle a voz. Deste xeito, estaredes a facer algo moi semellante ao que fan os profesionais da dobraxe.
4. Para rematar, realizade un acróstico no que expresedes unha emoción coa que ultimamente vos sintades identificados ou unha preocupación que vos ande arestora pola cabeza. Se non sabedes o que é un acróstico, fixádevos ben no poema de Lois Pereiro que leva ese título.

CARTEL 3: SEMENTAR POESÍA

A pesar de que a poesía é unha das artes que mellor definen o ser humano como ser sensible conectado co mundo que o rodea, o certo é que, ás veces, non sempre é ben comprendida e por iso busca refuxio na marxinalidade.

Esta actividade, dividida en dúas partes, está deseñada para realizala, a ser posible, ao aire libre e nun medio urbano e trata de reivindicar a poesía como froito e como semente, de maneira que, por unha banda, sexa imposible ignorala e, por outra, poida manterse como acto íntimo que xera vida.

1. Poesía = froita

En primeiro lugar, temos que elaborar froitas-poema como a seguinte:



Método 1: imprimir en papel *transfer* os poemas de Lois Pereiro que se elixan para esta actividade e, a continuación, pasalos á superficie dunha froita de plástico dun certo tamaño. Tamén é factible imprimir en acetato e pegar o poema (ou en papel branco e plastificalo todo a continuación).



Método 2: realizar a propia froita de xeito artificial e incorporar nela os versos de Pereiro. Para iso, podemos utilizar anacos de poliespán ou de cortiza.

Método 3: utilizar froitas auténticas, escribir manualmente nelas e deixar que o tempo faga o resto...

En segundo lugar, colgaremos as froitas dalgunhas das árbores máis céntricas e visibles da nosa cidade.

Para rematar, faremos publicidade do evento con mensaxes enviadas á prensa do tipo: “Árbores urbanas dan por froito poemas de Pereiro”.

2. Poesía = semente

Á inversa que no punto 1, esta actividade –que complementa a anterior– levarase a cabo sen ningunha publicidade e dun modo intimista.

Para desenvolve-la, necesítase un carballo dun ano ou dous de vida, que será plantado nun xardín público ou nalgún lugar protexido, pero urbano.

Na súa plantación, os estudantes poderán recitar algún dos poemas de Lois Pereiro.

CARTEL 4: NINGÚEN NON É POETA

Todas as persoas levamos un poeta no noso interior. Dun xeito ou doutro, algunha vez na nosa vida escribimos un poema ou fixemos algo que poderíamos cualificar como poético.

Deixar a nosa pegada, pensar e facer algo que pensabamos transcendente, intentar unha acción utópica, pensar nalgunha ocasión en escribir un epitafio..., seguramente nos recoñeceremos nalgunha destas cousas. Por certo, sabes o que é un epitafio? Lois Pereiro deixou escrito o seu, coma moitos escritores.

Facer públicos os sentimentos é transcender o momento presente, tratar de sortear o noso destino mortal a través da permanencia escrita dos versos. E nese facer público –no acto de publicar– non só existe o



camiño da letra impresa, existen todos aqueles camiños que estean ao noso alcance. As paredes da Alhambra, por exemplo, foron escritas con miles de poemas, os muros que separan as xentes –como o Muro de Berlín– enchéronse pronto de pintadas e mensaxes e, na actualidade, a poesía volve traspasar os límites da imprenta para innovarse a si mesma mediante as novas linguaxes da tecnoloxía.

Pero a poesía non só é aquilo que permanece, na súa íntima substancia sitúase todo o que é efémero, a vida mesma. Nesta contradición habita o quefacer dos poetas, entre aquilo que pasa fugaz e que se borra continuamente e iso outro que fica para sempre.

Nesta actividade, tratarase de indagar sobre esta característica da poesía, tan presente, por outra banda, na obra de Lois Pereiro.

– Descrición da actividade

Necesítase unha parede branca, que deberá volver estar branca ao final da actividade, como símbolo da contradición entre o efémero e o permanente (se non é posible no interior do centro escolar, seguramente non é difícil atopar nas proximidades unha parede pública que poidan prestar-nos baixo o compromiso de ser devolta nas condicións orixinais).

Ademais, precisaremos pintura branca e pintura negra (para brocha ou para *spray*).

Cronograma:

1. Realizarase unha listaxe cos participantes na actividade.
2. Asignaráselle un día e unha hora a cada participante, en función dos días en que sexa viable manter a actividade e o tempo global de permanencia da acción.
3. Cada participante, no momento sinalado, deberá:
 - A. Borrar o que foi escrito anteriormente pintando de branco a parede.
 - B. Escribir o seu poema-mensaxe polo Día das Letras Galegas de 2011 (ou, se o prefire, un poema de Lois Pereiro), que permanecerá no muro ata o día que lle toque a vez ao seguinte poeta.



En canto ás técnicas empregadas, sería conveniente utilizar un alfabeto a partir de moldes, de xeito que non teñan presenza os autores das mensaxes. Seguirase a técnica usada para a elaboración dos carteis, que simula a letra de máquina de escribir das revistas nas que colaboraba Lois. Ora ben, outra posibilidade consiste en aproveitar a caligrafía de cadaquén como parte integrante do poema. De calquera maneira, o un ou o outro conducirá, á súa vez, á reflexión.

CARTEL 5: CADÁVER EXQUISITO E POLISEMIA

1. No número 23 da revista *Dorna*, Suso de Toro publicaba un artigo titulado “Sobre Lois Pereiro”, que remata co seguinte parágrafo:

O poeta non é porque di, o poeta é porque é. É o año criado pola comunidade en verdes cortiñas e adornado de flores para o sacrificio. É o noso año, o sangue que corre pola ara facémolo correr nós entre todos. Cada poeta que nace anova en nós o estigma do asasino. O noso amor é a nosa envexa. O noso amor é a súa condena.

Suso de Toro, “Sobre Lois Pereiro”, *Dorna* n.º 23 (1997)

Fíxate ben neste texto e trata de resumilo nunha soa frase. Despois, realizade entre todos un relato curto no que aparecen: año, cortiña, ara, anovar, estigma, poeta, envexa, condena. Lembra que podes consultar no dicionario aquelas palabras cuxo significado descoñezas.

2. Unha das técnicas ás que recorre Pereiro nos seus primeiros poemas é a da colaxe. Os dadaístas aplicárona á poesía e inventaron unha forma de escribir poemas de xeito colectivo, á que chamaron cadáver exquisito. Consiste en que aquel que empeza escribe un verso sobre o que queira, e logo dille ao oído a última palabra do verso ao seguinte compañeiro. Este ten que escribir o seguinte verso tendo en conta esa palabra e continuar. Animádesvos?



3. Por que pensades que lle chamaron así á revista *Loia*? Se buscas no dicionario a palabra, comprobarás que pode ter máis dun significado. Serías quen de lembrar outras palabras que teñan máis dunha acepción?
4. Por último, propoñémosvos que realicedes un debuxo a partir dalgún poema que vos engaiolados que Pereiro publicou na revista *Loia*. Neste exercicio tedes total liberdade para deixaros levar polo que vos suxiren os versos, mais estaría ben que intentásedes plasmar dunha maneira visual as mesmas sensacións que o poeta nos quixo transmitir mediante a poesía.

CARTEL 6: ENSAIAMOS

1. Despois de ler algúns fragmentos do ensaio de Lois Pereiro, realizade un debate na clase guiado polo profesor ou profesora sobre a situación do mundo na actualidade. Estadese de acordo coa visión que ofrece Pereiro? En que pensades que mudaron as cousas?

Despois escribide un artigo de opinión (300 palabras, pouco máis ou menos) no que faledes dalgunha inxustiza social que vos doia especialmente.

2. Unha das posibilidades do ensaio é a de definir as características dun texto literario, o que se coñece como crítica literaria. A continuación, inserimos un fragmento dun texto no que o escritor Manuel Rivas, amigo persoal de Lois, cita algunhas das características da súa poesía:

Moita xente sente que os poemas de Lois teñen un efecto curativo. Pero non son fármacos con receita médica. Non son vacinas con dose calculada de veneno, porque tamén existe unha retórica do malditismo, unha pose do marxinal, como hai un rosalianismo de pseudotristura que fixo estragos na nosa literatura. Lois andou pola beira salvaxe da vida e tivo o valor de marcar a navalla ese camiño como quen se internou nun bosque sombrío e ignoto e deixa un sinal nas cortizas coa secreta esperanza dun retorno. E volveu. Volveu para non marchar endexamais. Se os seus poemas enfeitizan e curan é porque están nos lindes da linguaxe. Son as primeiras e derradeiras palabras. Son as pingas que fican con brillo no brión das pólas despois de chover e chover. Prenden nos ollos e fannos ver como un colirio de néboa.

Manuel Rivas, “Unha bomba envolta en flores”, *Luzes de Galiza*, n.º 28 (1997)



Logo de ler o fragmento do artigo de Rivas, tratade de responder ás seguintes preguntas:

- Que significa rosalianismo? Por que pensas que di Rivas que fixo estragos na nosa literatura?
- A que se refire a frase “Lois andou polas marxes da vida”?
- Que quere dicir que os seus poemas estean “nos lindes da linguaxe”?
- Por que pensas que o autor compara os poemas de Pereiro coas pingas que fican no brión despois de chover?

3. A obra de Pereiro está chea de referencias literarias, mais tamén de nomes de artistas doutros ámbitos, como o cineasta Win Wenders. No seguinte exercicio, propoñémosvos que fagades dúas listaxes segundo os autores e as creacións que vos citamos. Tedes que agrupalos seguindo un criterio de pertenza a unha tradición culta ou popular.

<i>Romeo e Xulieta</i>	Bob Dylan	<i>Foise co vento</i>	El Puto Koke
		The homens	
Thomas Bernhard	Lady Gaga	graffiti	Marinetti
			gheada
Yolanda Castaño	Luís Tosar	Pikachu	Marylin Monroe
		Igor Stravinski	
Mabel Rivera	Valle-Inclán	<i>Cen anos de soidade</i>	Paul Eluard
		J. M. ^a Aznar	
Julio Iglesias	Chaplin	<i>Os Bolechas</i>	Manuel Antonio
		<i>Perdidos</i>	

- Pensas que hai algunha cousa que non encaixa nas listaxes?

4. Agora que estás máis familiarizado co xénero do ensaio, atreveríaste a realizar unha crítica literaria de non máis dunha páxina na que definas as características estéticas do acróstico que realizaches?

CARTEL 7: O CONTRAXORNAL

Nun mundo no que as noticias circulan á velocidade da luz e no que todo ten que estar no intre, toda información corre o risco de caer decontado no esquecemento, como se só fose posible a fuxida cara adiante.

Calquera cousa perde o seu valor a medida que pasa o tempo e, canto máis pequena é, máis axiña a afastamos da nosa memoria.

E porén, tal e como nos mostrara Pereiro, son as cousas máis fráxiles ás que a poesía se dedica con maior forza.

Nesta actividade, que ten por obxectivo que o estudantado se interese pola actividade xornalística e que aprenda a maquetar e a editar unha pequena publicación dun par de follas, cada participante colaborará coa súa “mininoticia”.

As ferramentas para construír un contraxornal poden ser diversas: desde un sofisticado programa de maquetación, ata un simple editor de textos tipo OpenOffice (mesmo nos pode servir o sistema de cortar e pegar nunhas follas as noticias, como se facía en *Loia*).

O importante desta acción non é o resultado aparente, senón os contidos, para os que o alumnado deberá despregar ao máximo a súa imaxinación.

Recordemos: non se trata de elaborar grandes noticias do que pasou no mundo, senón ao contrario, trátase de facer “noticiables” aquelas pequenas anécdotas que ocorren ao noso arredor e das que ninguén se decatara aínda. A técnica é libre.

Estes contidos poden formularse a través de minientrevistas, minirreportaxes, fotos-noticia, textos redactados mediante a mestura de calquera técnica xornalística.

Unha vez finalizada a actividade, e coa axuda de fotocopias, o contraxornal poderá repartirse entre a comunidade escolar.



CARTEL 8: DRAMATIZACIÓN DUN SOÑO INCONCLUSO

A arte poucas veces é completamente orixinal e con frecuencia toma a realidade ou a obra doutros artistas como referencia, como estudo ou como adaptación, para xerar novas obras de arte.

É bastante frecuente, por exemplo, que no teatro se escenifiquen pezas orixinalmente non escritas para teatro, do mesmo xeito que no cinema en moitas ocasións se escolle unha novela ou un conto para redactar un guión cinematográfico (*Blade Runner*, *Psicose*, *O resplandor*, *O nome da rosa*, *O señor dos aneis* etc. son adaptacións de narracións anteriores).

Nesta actividade, o reto consiste en tomar a breve novela inconclusa de Lois Pereiro para efectuar unha sinxela dramatización. Aínda que en aparencia o feito de que estea inacabada podemos entendela como unha dificultade engadida, o certo é que esta anécdota nos permite ter unha maior liberdade á hora de adaptar, e tamén de continuar pola nosa conta, a futura posta en escena. Non esquezamos que a novela de Pereiro é unha novela aberta a diferentes interpretacións.

Malia que as técnicas de adaptación son diversas e variadas, neste caso recoméndase seguir un proceso que combine a análise coa intuición, de forma que no feito de reescribir e adaptar poidamos achegarnos aos procesos de escritura dramática contemporánea.

Non se trata, polo tanto, da procura dunha peza dramática en sentido clásico (caracterizada pola existencia dunha presentación, un nó e un desenlace), senón máis ben da realización dunha peza escénica e poética, baseada na forza das imaxes e no poder da palabra.

A actividade, que pode repartirse ou realizarse en equipo, dividirémola en 5 fases:

1.ª fase: extracción de elementos dramáticos

Unha lectura atenta e analítica da novela de Pereiro faranos comprender mellor a obra e, ao mesmo tempo, daranos as claves para unha división acertada do texto en diferentes escenas.



Podemos formular as seguintes cuestións: Que personaxes interveñen na novela? Que din ou que fan esas personaxes? Como se relacionan entre elas? Onde se atopan? Que obxectos aparecen? En que época se desenvolve?

Se nas respostas a unha destas preguntas observásemos un cambio relevante, isto significaría que estamos na transición entre dúas escenas (por exemplo, que Aián esperte pode determinar o tránsito da primeira escena á segunda).

2.^a fase: enfatización dos elementos máis rechamantes e suxestivos

Unha vez que comprendemos a estrutura do texto e os seus principais compoñentes e que o temos dividido en partes, trataremos de subliñar aqueles elementos que pola súa carga dramática ou suxestiva poidan servirnos como claves de escritura á hora de conformar o espazo (e obxectos), o tempo, as personaxes, as imaxes, os sons, as réplicas e as accións da dramaturxia que pretendemos levar a cabo.

A modo de exemplo, nos primeiros parágrafos da novela –que será a nosa primeira escena–, poderíamos sinalar:

espazo e obxectos: *escuridade transparente, unha cama, tea negra, follas.*

tempo: *unha noite de abril.*

personaxes: *o cristal (espello ovalado personificado), Aián.*

imaxes: *imaxe contra imaxe, sombras brillantes e sonoras, pingueiras.*

sons: *bruído lene que vai entrando.*

réplicas: *que importan as lúas? (pensamento de Aián).*

accións do espello: *olladas frías cara á lúa, paseo lento.*

accións de Aián: *dorme.*

3.^a fase: confección das escenas

Escena por escena, confeccionaremos o guión dramaturxico coa perspectiva de que este sexa a base dunha futura posta en escena. É dicir, cos principais elementos obtidos na fase anterior,

temos que imaxinar que xa estamos no teatro e que compomos as escenas cunha linguaxe propia que nos sirva realmente para entender o espectáculo e para comunicar. Debemos procurar obrar coa maior sinxeleza posible e explicar os adxectivos indeterminados.

Un exemplo sería unir así os elementos da primeira escena: “A escena comeza cun escuro transparente (hai unha luz tenue ao fondo en dirección ao público), aos poucos imos vendo un personaxe (Aián) tombado nunha cama que está no medio dun chan de follas. Soa un ruído lixeiro, entra un espello ovalado que pasea paseniño pola escena e mira para a lúa. En soños, Aián di: “Que importan as lúas?”.

4.ª fase: fiado das escenas e confección doutras novas

Se nas fases anteriores cada equipo de traballo puido encargarse de diferentes escenas, outros equipos poden dedicarse á confección doutras novas seguindo o estilo das anteriores. Aínda que para a costura final se recomenda que unha soa persoa (dramaturga), ou un equipo moi reducido de persoas, se encargue da supervisión das escenas confeccionadas e da súa unión. A peza debe quedar completa e unitaria.

Como notas para facermos un bo tecido, pode resultar útil reparar no respecto aos elementos líricos aparecidos no texto de Lois, no sentido do ritmo na estrutura (é importante adecuar os tempos, intercalando accións lentas con accións que nos sorprendan), na ideación dun único espazo (que, por outra banda, debe ser factible levar a cabo económica e tecnicamente) e nunha certa sensación de continuidade ou de relación entre as partes mediante motivos que aparezan dunha ou doutra forma en todas as escenas. Tampouco está de máis intentar en todo momento conseguir situacións ou imaxes que o espectador non espera atopar e ter un especial coidado no remate da obra.

5.ª fase: representación

Para finalizar, e se o atrevemento nos fixo tan valentes como para interpretar as personaxes que aparecen na nosa dramaturxia, realizaremos con elementos sinxelos o espazo escénico, nomearemos unha directora ou director e axudantes que dirixan o traballo e prepararemos todo o necesario para facer a función; non deixemos que a dramaturxia quede esquecida nun caixón. Poñamos día, data e hora, e vémonos na función!



CARTEL 9: UNHA PORTADA DE REVISTA

A colaxe é unha técnica artística que consiste en ensamblar elementos diversos nun todo unificado. Procede do francés *coller*, que significa ‘pegar’. Artistas como Picasso ou Juan Gris traballaron esta técnica, sobre todo durante as vangardas de principios do século XX.

Realiza unha colaxe a partir da estética da obra e dos movementos socioculturais nos que se desenvolveu a vida de Lois Pereiro. Esta listaxe pode servirche de guía ou receita para a confección da túa obra plástica sobre o mundo de Pereiro en imaxes. Pensa, diseña e/ou constrúe a portada dunha revista monográfica sobre o autor de Monforte.

Expresionismo: contraposición de opostos.

München: exaltación de sentimentos transcendentales.

Giorgio de Chirico: a soidade dos espazos urbanos.

Estética punk dos anos 80: coiro e graffitis.

Caspar David Friedrich: poderíase recortar a figura do camiñante na montaña e poñela mirando a un mar de edificios e guindastres na Coruña.

Primacía da cor negra e do vermello: ideoloxía anarquista, fotocopias, fanzines undergrounds.

Edward Hooper: soidade intimista.

Wim Wenders: un dos seus directores de cine favoritos.

Simbolismo: Arnold Böckling e *A illa dos afogados*.

Robert Mapplethorpe: Pereiro dáballes moita importancia ao corpo.

Menchu Lamas, Raimundo Patiño e Antón Patiño: amigos con inquedanzas e referentes culturais moi semellantes. Idea do atlantismo.

Francis Bacon: a melancolía do individuo sobre si mesmo.

Giacometti.

Patiño tamén afirma que Pereiro posuía un rostro coma o de Beckett, Maiakovski ou Artaud. Rostros marcados pola vida nos que se len as características e os regueiros da súa obra.



CARTEL 10: SONORIZACIÓNS

¿Que é Galicia? (fragmento)

Paisaxes espalladas, enfiadas entre os
Perfiles do Pasado, coa Presencia dunha
vexetal sensación de eternidade.



- Procedemento:

No texto de Pereiro predomina a consoante “p”, unha consoante que leva consigo matices de dureza e violencia e que debemos destacar para que quede máis patente a rabia do poeta na relación con Galicia. De feito, o poema fala de autoxenocidio e do perigo de extinción pola indiferencia dos propios galegos. No terceiro verso, abundan o “x” e o “s” que suavizan e crean unha impresión mol e como de veludo.

1. Efectúa unha lectura dos seguintes grupos de palabras:

Poesía-Patria-Paixón

Perigo-Perdidos-Pureza

Pobo-Proceso

Paisaxes-Perfís-Pasado-Presenza

Paixón-Poses-punk

Postmodernos-Peiraos

2. Le agora este grupo, destacando o “x” e o “s”:

vexetal sensación

3. Le os tres versos que achegamos, destacando os sons que traballamos.

CARTEL 11: O ESPÍRITO DA POESÍA

A poesía tamén é a expresión sincera dos sentimentos. A través dela somos capaces de aliviar a dor, non só a nosa, senón a daquelas persoas a quen van dirixidas as nosas letras.

Escribir poesía, logo, non é tanto un acto egoísta de exploración no eu coma de expresión en grao sumo do fondo do ser humano, aquilo que é común a todos e que, en consecuencia, lles serve ás persoas para o seu desenvolvemento individual.

A poesía, ademais, forma parte da nosa existencia desde a infancia -aprendemos a durmir cunha canción de berce ou a facer amigos cantando unha canción- e é imposible separala da vida por máis que decidamos o contrario. A poesía, na súa cara máis positiva, é saúde, afecto e expresión de solidariedade.



Nesta actividade, a proposta consiste en indagar no espírito social, comunicativo e colaborativo da poesía, tomando a enfermidade como fonte de inspiración, con textos e debuxos confeccionados polos alumnos e alumnas para formar parte dunha única obra colectiva.



1.ª fase: recollida de material referencial

Ademais dos poemas de Lois Pereiro inseridos no libro *Poesía última de amor e enfermidade*, os alumnos poden tomar como referencia a pintura da artista mexicana Frida Kahlo, as autopsicografías de Fernando Pessoa, aqueles poemas de Baudelaire e de Mallarmé que exploran a dor desde a metáfora e o simbolismo, ou calquera outro material literario, pictórico, fotográfico etc. que para eles teña relación dun xeito ou doutro cunha determinada doenza ou coa enfermidade en xeral.

Nesta fase, ademais, o encontro con estes temas servirá para o establecemento dunha análise previa de todo o recompilado. O/a docente deberá orientar os alumnos no proceso, de cara a unha adecuación coa actividade proposta, e o alumno deberá xustificar a elección do material escollido.

2.ª fase: creación de material propio

Para esta fase, e tomando como modelo esas obras -ou simplemente inspirándose nalgún dos

materiais recollidos-, o alumno escribirá, pintará ou comporá unha nova produción sobre papel, na que quede reflectida a súa visión persoal sobre a enfermidade, xa sexa en sentido abstracto ou concreto. Como parte final desta fase, o alumno recortará a súa pequena obra de arte para que poida ser utilizada nunha composición de grupo.

3.ª fase: creación de obra colectiva

Utilizando un papel o suficientemente grande (por exemplo, un anaco de rolo), comporemos unha única obra na que queden pegadas todas e cada unha das achegas individuais. Para iso, realizaranse as probas necesarias, tomando fotografías de cada unha das probas e establecendo unha discusión sobre cal destas compón un mural máis acertado. Finalmente, as obras individuais pegaranse formando o conxunto desexado e rematarase, se fose necesario, con novas ideas ou novos poemas propostos polo alumnado.

4.ª fase: exposición

Por último, é importante buscar un lugar onde expoñer o cartel que, ademais, poderá servir de reflexión e de toma de consciencia sobre a enfermidade como algo que a todos posiblemente nos chegue nalgún momento da vida e, sobre todo, para que esta non sexa nunca motivo de exclusión.

CARTEL 12: VISUALIZACIÓN E DEBATE

Narcisismo

Sigo os pasos do sangue no meu corpo
e coa unlla do meu dedo máis firme
abro un sulco vermello en media lúa
na vea que me acolle tan azul.

- Procedemento:

1. Visualización do vídeo “Narcisismo” (son tres minutos e medio, é un vídeo-clip da canción e do poema no que se basea) en:

http://www.youtube.com/watch?v=OFnflOffusM&feature=player_embedded#



2. Debate sobre o narcisismo na sociedade actual.

Contextualización: a partir dos anos 80, hai un cambio radical na sociedade, cambio que chega ata os nosos días. A sociedade vólvese máis individualista, preocupada polo culto ao corpo, pola imaxe propia, por diferenciarse dos demais. Ao mesmo tempo, preocupan moito menos ca antes os asuntos colectivos e o sentido da participación cidadá nun proxecto común perde forza en detrimento da inmediatez de resultados ou da fama.

Pregunta para arrancar o debate:

En que fenómenos actuais vedes manifestacións do culto ao corpo, á imaxe propia, a diferenciarse dos outros? (pistas: cirurxía estética, *Gran Hermano*, tribos urbanas...).

Actividade 2: grafonías

Edinburgh Edinburgh (fragmento)

Cruel máxica dura
espectro dos meus soños agresivos

Grafonía destes dous versos:

- Interpretación redundante: adecuar o tamaño e a forma das grañas e a intensidade da voz (a maior tamaño, máis intensidade).
- Interpretación por contraste (a máis tamaño, menor intensidade).
- Elixir o timbre axeitado (agudo ou grave) para cada palabra de acordo co seu tamaño.

CRUEL	M á x x y i c c a a a	DU-RA
ESPECTRO DOS MEUS SOÑOS espectro dos meus soños sptr ds ms sñs		
AGRESIVOS		

CARTEL 13: CIRCUÍTO DE CREACIÓN POÉTICA

Sétima soedade, de Pilar Pallarés (fragmento)

sen culpa deste amor que caiu sobre min
non sei se como pedra ou lóstrego ou fervenza



1 SILENCIO	2 MURMURIO
6 VOZ E XESTOS	3 VOZ NORMAL
5 SÓ XESTOS	4 A BERROS

1 SILENCIO	2 CHORANDO
3 TATEXANDO	4 RINDO

5 VOZ NORMAL PERO RINDO	2 MURMURIO CHORANDO	3 A BERROS TATEXANDO
	1 SILENCIO	
4 SÓ XESTOS		

- Procedemento:

Os esquemas anteriores representan posibles divisións do espazo da aula, que se utilizará como recurso didáctico.

A separación pode realizarse con cordas, cadeiras, mesas ou outros obxectos, ou ben marcando as liñas con xiz.

En cada unha destas zonas en que se divide a sala hai unha instrución que indica como se debe dicir o texto que se vai traballar.

O espazo 1 está sinalado coa palabra SILENCIO, e é o espazo onde os alumnos e alumnas reciben instrucións do animador. Esta zona 1 tamén serve para que os participantes dispoñan de espazo e tempo para pensar e inventar novos versos, que é o obxectivo deste circuíto.

1. O animador le en voz alta:

sen culpa deste amor que caiu sobre min
non sei se como pedra ou lóstrego ou fervenza

2. Realizade un percorrido polos distintos espazos en que está dividida a sala, recitando esta estrofa de acordo con cada unha das instrucións (tateando, berrando, con mímica...).

3. De volta no espazo 1 –SILENCIO–, explícase que o exercicio consiste en substituír as palabras “amor” e “fervenza” e en deixar o resto como están.

4. Cando un do grupo xa inventou as novas palabras, por exemplo:

sen culpa deste *odio* que caiu sobre min
non sei se como pedra ou lóstrego ou *vinganza*

Pasa ao espazo 2 e recítao de acordo coa instrución pertinente. A continuación, o grupo desprázase a ese espazo e repite. Todos volven ao espazo 1, ata que outro saia con novos versos.

Convén ter preparada unha listaxe de sentimentos para crear unha dinámica aceptable; por exemplo: envexa, tristura, ledicia, medo, desexo, egoísmo, rancor, esperanza, tenrura, paixón, optimismo, dúbida, culpa.

Suxestión para un *happening*: pódese aproveitar a idea do circuíto de creación poética e preparar un *happening* aberto á xente que se unirá ao xogo, xa que non é difícil de entender e resulta creativo e estimulante.

CARTEL 14: PAISAXES EMOCIONAIS

Os diarios son unha fonte de experiencia emocional que nalguna época das nosas vidas nos serven tanto para comprender o mundo que percibimos como para comprendernos a nós mesmos (a nosa maneira de entender a realidade delata quen somos).

De igual xeito, a literatura, o teatro e mesmo a arte contemporánea utilizan a miúdo o material emocional para confeccionar obras artísticas, pezas dramáticas ou literarias nas que o eixe é a paisaxe emocional que abrolla dun xeito persoal (a semellanza de como se fai un diario).

Nesta actividade, preténdese a reconstrución da paisaxe emocional dos diarios de Lois Pereiro de cara a unha posible dramatización.

Para isto, basta con que, de forma individual ou colectiva, parte do alumnado se involucre na tarefa de interpretar para os demais as palabras de *Conversa ultramarina* dun xeito paisaxístico; é dicir, buscando no texto os elementos visuais, sonoros e sensoriais máis importantes, coa intención de adaptalos escenicamente.

A interpretación resultante pode ser xestual (utilizando o propio corpo), sonora e visual (a través de efectos musicais e audiovisuais) ou simplemente textual (dun xeito ilustrativo), pero sempre ten en conta o que nos suxire o texto.

Comprender que a escrita pode levarnos cara a mundos de ficción a través da percepción sensorial que a lectura suscita é o obxectivo desta actividade, na que os estudantes deberán aguzar os seus sentidos con vistas a unha amplificación do paradigma artístico (convencionalmente suxeito ás ríxidas leis da comprensión racional).

As técnicas para desenvolver esta actividade con éxito pasan pola boa disposición dos alumnos e alumnas. Por isto, recoméndase que se comece falando das impresións que nos suxire o texto, do que evoca e do que nos provoca.



CARTEL 15: O ECO DE LOIS PEREIRO PASADO O TEMPO

Nun xornal atopas información, entretemento e opinión.

Lois Pereiro creou para varias revistas e publicacións tiras cómicas e viñetas coma as que podes atopar lendo calquera periódico e nas que enfoca temas de actualidade con humor en todas as súas vertentes: ironía, sorna, crítica, retranca, negrura etc. (podes ver algunhas nos carteis 2 e 6).

En Galicia existe un Museo do Humor, que está na localidade coruñesa de Fene, no que colaborou Lois Pereiro con esta viñeta que trata o tema do desemprego.

Repara no segundo debuxo do humorista gráfico de *La Voz de Galicia*, Xaquín Marín, e busca mostras similares que xiren sobre o mundo laboral. Acompaña a túa escolma dunha presentación na que relaciones as obras coa problemática existente neste momento no mercado do traballo.

NOTA DE APOIO: podes buscar na prensa diaria ou en revistas mensuais como *Retranca*, *Tempos Novos* etc. O portal www.culturagalega.org ten unha sección específica de banda deseñada.

Se te apaixonan o teatro e o debuxo, podes participar no III Concurso de Cómica convocado pola *Revista Galega de Teatro*, no que se propón trasladar á banda deseñada a peza teatral *Belicosario* de Manuel Lourenzo, publicada na mesma revista. Podes solicitar información en: revistagalegateatro@hotmail.com





Nun xornal, adoita haber unha sección dedicada ao lecer, con sopas de letras, encrucillados etc. Nós propómosche unha serie de actividades relacionadas coas lecturas de Lois Pereiro:

1. Emparella os títulos das obras co seu autor:

Thomas Bernhard	<i>Na meta</i>
Dylan Thomas	<i>Soño dunha noite de verán</i>
Raymond Carver	<i>Ultramarine</i>
William Shakespeare	<i>O vixía no centeo</i>
J. D. Salinger	<i>Baixo o bosque lácteo</i>

2. Cal destes autores escribiu teatro radiofónico?

A Radio Galega e o CDG levan cinco edicións convocando un premio de teatro radiofónico, co obxectivo de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre a dramaturxia contemporánea e o medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega e contribuír á recuperación, desde unha perspectiva contemporánea, do xénero do teatro radiofónico.

Os gañadores de edicións anteriores podedes escoitalos no libro-CD editado por Edicións Xerais.

Prepara unhas xornadas de teatro escoitado no teu centro e organiza un concurso no que todos poidan votar para escoller unha peza gañadora. Tedes a posibilidade de elaborar un mural e escribir nel os comentarios que desexedes facer sobre o resultado do voso particular concurso. Debedes elixir entre estas:



2010 Vanesa Martínez Sotelo *Indoor* (Premio do Xurado) e Begoña García Ferreira *O vento da illa* (Premio da Audiencia).

2009 Rubén Ruibal e César Candelas *Peter Buckley* (Premios do Xurado e do Público).

2008 Begoña García *O mal da vaca* (Premio do Xurado) e Lois Pérez *Saltimbanqui* (Premio do Público).

2007 David Rodríguez *O Bambám* (Premios do Xurado e do Público).

3. Confecciona unha sopa de letras coas seguintes palabras: existencialismo, utopía, rebelión, dobraxe, recensión, xeración.

Nalgúns xornais podemos atopar unha sección de crítica teatral. Proponémosche que fagas unha crítica do espectáculo *Mundo Lois*, producido por Nordesía, Filmanova e Kachet.

Repara en aspectos como: o espazo sonoro (como a música crea un ambiente e acompaña os temas e a trama), a iluminación e os efectos audiovisuais, a ordenación temática e a forma de dicir o texto por parte do actor e da actriz, os movementos físicos no espazo escénico, a disposición dos obxectos e a expresión facial. Ás veces, tamén resulta importante valorar a información dos creadores sobre o seu propio espectáculo presente, por exemplo, nos programas de man. Velaquí unha mostra:

Lois Pereiro non só edificou unha obra poética en sintonía cos códigos máis modernos, senón tamén (e xeracionalmente) subsume na súa propia obra e figura unha ampla rede de conexións e referencias coa música, o cinema e as artes plásticas.

A voz poética de Lois Pereiro é a dun home amarrado ao norai da vida como un mariñeiro de Jack London. Un licor que cando se degusta xa non se pode abandonar e que nos acompañará como unha única sombra ata o final. A palabra dun poeta que cruzou as selvas de Indonesia na compañía de Conrad, despois de sobrevivir a un tifón no Mar da China.

Isto é o que vos proponemos co noso espectáculo: un paseo descarnado, espido e comprometido coa obra de Lois Pereiro. Un achegamento para todos, creado por uns poucos. Aqueles que o amamos, devoramos e honramos.

(Lino Braxe, director de *Mundo Lois*)

LÉXICO:

Tormenta de ideas. Significa chuvia de ideas. Esta é unha técnica de traballo de grupo que favorece a aparición de ideas creativas nun ambiente lúdico e relaxado.

Happening. Manifestación artística de carácter multidisciplinar, onde o espectador forma parte do proceso artístico e da significación deste. Representación masiva mediante a intervención, o acontecemento ou a incidencia transcendente nun ámbito cotián.

Cadáver exquisito. Técnica usada polos surrealistas para xuntar palabras ou imaxes de maneira colectiva mediante unha cadea de participantes.

Dramaturxia. Estudo de como o significado se xera no drama e análise ou práctica do seu funcionamento.

PARA SABER MÁIS:





XUNTA
DE GALICIA